



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Corrección erros do anuncio publicado o día 13/10/2025 no BOP núm. 195 das bases e convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos no Concello de Laxe

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CORRECCIÓN ERROS DO ANUNCIO PUBLICADO O DÍA 13/10/2025 NO BOP NÚM. 195 DAS BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS NO CONCELLO DE LAXE

Expte. Admvo. Núm. 2025/E001/000004

Expte. Decreto Núm. 2025/G003/000804

Visto que por Resolución de Alcaldía Núm. 741/2025, de 07/10/2025, se aproban as bases que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos, persoal funcionario interino, pertencente a escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2 no concello de Laxe.

Visto que o luns, 13/10/2025 no BOP núm. 195, se aproban as citadas bases e convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos no Concello de Laxe.

Detectado un erro no anuncio de publicación das ditas bases, en virtude do art. 109.2 da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debe procederse a súa corrección.

Á vista do exposto, esta Alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro.- Corrixir o erro do anuncio publicado o luns, 13/10/2025 no BOP núm. 195 das bases e convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos no Concello de Laxe.

• **Onde di:**

“[...]

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial de Galicia.

“[...]

• **Debe dicir:**

“[...]

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

“[...]

Segundo.- Conceder un novo prazo de presentación de solicitudes de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio de corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As persoas aspirantes que teñan presentado a solicitude de participación dentro do prazo inicial de presentación de instancias, aberto coa publicación no BOP núm. 195 do 13/10/2025 do anuncio da convocatoria, non precisan reiterar a instancia, salvo renuncia expresa.

Mándao e asínao, en Laxe, 17 de outubro de 2025, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García

2025/6872